

## CS Estética integral e benestar

<b>Ciclo formativo de grao superior</b>	<b>Título LOE</b>
Perfil profesional	Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a facer?** Dirixir e organizar o desenvolvemento dos servizos estéticos, planificar e realizar tratamentos estéticos relacionados coa imaxe e o benestar, e aplicar técnicas estéticas hidrotermais, depilación e implantación de pigmentos, asegurando a calidade, a prevención de riscos laborais e a xestión ambiental.

**En que ámbitos se traballa?** No sector de cuidados da imaxe persoal, no subsector de cuidados estéticos, en pequenas e medianas empresas, maioritariamente privadas, nas áreas de tratamentos estéticos integrais, estética hidrotermal, microimplantación de pigmentos, depilación avanzada, masaxe estética e drenaxe, e asesoramento en tratamentos e produtos cosméticos. Trátase de profesionais por conta propia que traballan xestionando a súa propia empresa ou de profesionais por conta allea, que exercen a súa actividade profesional como empregados ou xefes de área ou departamento.

**Que ocupacións se desempeñan?** Esteticista, director/ora técnico/a en empresas estéticas e áreas de imaxe persoal, de spa e balnearios, técnico/a en tratamentos estéticos integrais, especialista en técnicas hidroestéticas, técnico/a en micropigmentación, técnico/a en depilación mecánica e avanzada, técnico/a en aparellos de estética, especialista en bronceamento mediante radiación ultravioleta, técnico/a en masaxes estéticas, técnico/a en drenaxe linfática estética, traballador/ora cualificado/a en centros de medicina e cirurxía estética, técnico/a comercial, asesor/ora estético/a e cosmético/a, formador/ora técnico/a en estética.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0744	<b>Aparellos estéticos</b>	133
1º	MP0752	Cosmética aplicada a estética e benestar	187
1º	MP0751	<b>Dermoestética</b>	160
1º	MP0755	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0747	<b>Masaxe estética</b>	240
1º	MP0750	Procesos fisiolóxicos e de hixiene en imaxe persoal	133
2º	MP0746	<b>Depilación avanzada</b>	123
2º	MP0748	<b>Drenaxe estética e técnicas por presión</b>	87
2º	MP0756	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0745	<b>Estética hidrotermal</b>	123
2º	MP0757	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0749	<b>Micropigmentación</b>	105
2º	MP0754	Proxecto de estética integral e benestar	26
2º	MP0753	<b>Tratamentos estéticos integrais</b>	139

Nota: os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.

**Que título se obtén?** Técnico superior en estética integral e benestar.